

SECRETARÍA GOBERNO
LOCAL

CONCELLERÍA DE
SEGURIDADE, CONTRATACIÓN,
FESTAS E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



INFORME XURIDICO CON PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Expte: 1369/1102

Informe xurídico de solicitude de acceso á información pública dona [REDACTED]

Antecedentes

En data 06/02/2023, Dna. [REDACTED] a través do rexistro electrónico presenta ao abeiro da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (LTAIBG) solicitude de acceso á información pública en materia de "acceso y remisión a través de la dirección de correo electrónico señalada en este escrito del expediente administrativo tramitado para la concesión del título urbanístico habilitante par llevar a cabo las obras en el número 39 de la Rúa Milladas."

En data 08/02/2023 solicitouse á Área de Fomento e Servizos a emisión de informe no prazo de dez días, conforme ao disposto no artigo 79 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo, así como, de ser o caso, documentación complementaria.

En data 22/03/2023 reiterouse mediante trámite NNT á Área de Fomento e Servizos a emisión do dito informe, aos efectos de remitir a información que solicita a Comisión de Transparencia de Galicia no recurso de reposición presentado pola interesada (expte. RSCTG 69/2023).

En data 21/04/2023 e 12/06/2023 requiriuse novamente ao a remisión do informe no prazo de cinco días hábiles.

En data 6/06/2023 a Comisión da Transparencia de Galicia (RSCTG 69/2023) remite resolución na que estima a reclamación presentada e insta ao Concello a facilitar a información.

Non tendo remitido a información requirida, á Área de Fomento e Servizos e vista a resolución estimatoria da Comisión da Transparencia de Galicia (RSCTG 69/2023) de data 06/06/2023, reitérase novamente á Area de Fomento e Servizos para que no prazo de tres días hábiles emita o informe requirido, aos efectos de poder cumprir co solicitado na dita resolución.

En data 28.07.2023 por parte da Área de Fomento e Servizos emítese informe.

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/11/2023 10:51	Páxina 1 de 5
1369-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

LEXISLACION APLICABLE

- [Constitución Española de 1978](#)
- [ei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público \(LRXSP\)](#)
- [Lei 7/1985, do 2 de abril, das Bases do Réxime Local \(LBRL\)](#)
- [Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas \(LPAC\)](#)
- [Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno \(LTAIBG\)](#)
- [Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais \(LOPDGDD\)](#)
- [Regulamento \(UE\) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE \(RGPD\)](#)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRO.- A Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, regula no seu artigo 12 o dereito de acceso á información pública, preceptuando que *"Todas las personas tienen derecho a acceder a la información pública, en los términos previstos en el artículo 105,b) de la Constitución Española, desarrollados por esta Ley.*

Asimismo, y en el ámbito de sus respectivas competencias, será de aplicación la correspondiente normativa autonómica."

O acceso á información constitúe un verdadeiro dereito subxectivo que se configura de maneira ampla en tanto que son titulares do mesmo todas as persoas sen que as mesmas teñan que alegar interese específico nin ser preciso a motivación da súa solicitude.

Aos efectos da LTAIBG (artigo 13) enténdese por información pública *"los contenidos o documentos, cualquiera que sea su formato o soporte, que obren en poder de alguno de los sujetos incluidos en el ámbito de aplicación de este título y que hayan sido elaborados o adquiridos en el ejercicio de sus funciones."* É precisamente a "información pública" así concibida sobre a que se proxecta o exercicio do dereito de acceso nos termos sinalados no artigo 17.1 LTAIBG: *"El procedimiento para el ejercicio del derecho de acceso se iniciará con la presentación de la correspondiente solicitud, que deberá dirigirse al titular del órgano administrativo o entidad que posea la información"*.

A Lei define o obxecto dunha solicitude de acceso á información en relación a información que xa existe, por canto está en posesión do Organismo que recibe a solicitude, ben porque o mesmo a elaborou ou ben porque a obtivo no exercicio das funcións e competencias que ten encomendadas. E iso, para garantir o obxectivo que persegue a norma e que non é outro que *"ampliar y reforzar la transparencia de la actividad pública, regular y garantizar el derecho de acceso a la información relativa a aquella actividad"* (art. 1 de la LTAIBG).

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/11/2023 10:51	Páxina 2 de 5
1369-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

SEGUNDO.- Respecto da solicitude formulada pola consta que en data 28.07.2023 por parte da área de Fomento e Servizos se emite informe no que sinalada " En relación coa solicitude efectuada por Dña. [REDACTED] de data 06.02.2023, na que pide *el acceso y remisión a través de la dirección de correo electrónico señalada en este escrito del expediente administrativo tramitado para la concesión del título urbanístico habilitante para llevar a cabo las obras descritas en el punto primero de este escrito*, cumprindo o requirimento infórmase que:

1. Trátanse dunhas obras de mantemento na arqueta sinalada no punto primeiro do escrito da solicitante.
2. O *título habilitante* é a propia concesión á empresa concesionaria *Aqualia* do Servizo municipal de abastecemento de auga e saneamento de Vigo, constituíndo unha obriga da concesionaria a realización das obras necesarias de mantemento do servizo municipal.

Esta información xa lle foi comunicada á solicitante en anteriores solicitudes."

Efectivamente en expte 1354-441 a área de Fomento emite informe en data 12.12.2022 sobre a reparación de saneamento en rúa Milladas nº 28 no que sinala " *En relación coa solicitude de expediente administrativo para conceder a FCC Aqualia-Vigo UTE autorización para a execución de obra no vial da Rúa Milladas nº 28 compre informar que non existe unha autorización expresa e concreta para a devandita actuación.*

A dita actuación, realizada por FCC Aqualia-Vigo UTE, é unha actuación de mantemento e conservación realizada no marco das obrigas do contrato de xestión integral do "Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo", formalizado o 08.01.1991, actualmente vixente e que recolle como obrigas da concesionaria as devanditas actuacións. O prego de cláusulas do citado contrato de concesión de xestión de servizo público, na súa cláusula 26ª indica "O mantemento e conservación da infraestrutura adscrito ao Servizo corresponderá ao Concesionario, quen velará polo seu correcto funcionamento e tomará as medidas oportunas para que sempre se atope nas debidas condicións de uso".

Os citados traballos de conservación e mantemento necesarios atópanse por tanto encadrados no marco das tarefas do contrato."

A vista do informe conclúese que a información solicitada -*expediente administrativo tramitado para a concesión do título urbanístico habilitante para levar a cabo as obras no número 39 da Rúa Milladas.*" - non consta na área de Fomento e Servizos polo que non tendo sido elaborada non constitúe información pública nos termos do artigo 13 da LTAIBG.

TERCEIRO.- Da inadmisión.-

O artigo 18.1.a) da LTAIBG determina << *Se inadmitirán a trámite, mediante resolución motivada, las solicitudes:*

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/11/2023 10:51	Páxina 3 de 5
1369-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

a) Que se refieran a información que esté en curso de elaboración o de publicación general.”

Neste senso o Consello de Transparencia e Bo Goberno estima que esta causa de inadmisión concorre nos supostos en que no se pode proporcionar a información porque materialmente non se ten (resolucións 11/2015, de 25 de maio, 403/2015 de 21 de xaneiro entre outras).

CUARTO.- Do órgano competente

A resolución da solicitude correspóndelle á Concelleira de Seguridade, Contratación, e Xestión Municipal segundo Resolución de Alcaldía de delegacións específicas de data 28.06.2023.

Polo exposto formúlase a seguinte **PROPOSTA:**

PRIMEIRO.- Inadmisión a solicitude de acceso a información formulada pola Sra. [REDACTED] respecto ao acceso a expedientes expediente administrativo tramitado para a concesión do título urbanístico habilitante para levar a cabo as obras no número 39 da Rúa Milladas artigo 18.1.a) da LTAIBG.

SEGUNDO.- Notificar á persoa interesada e comunicar que contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán interpoñerse os recursos ou reclamacións que a continuación se indican:

a) Recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da recepción desta notificación.

b) Con carácter potestativo, reclamación previa á súa impugnación ante a xurisdición contencioso-administrativa perante o Valedor do Pobo de Galicia, dentro do prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción desta notificación ou desde o día seguinte a aquel en que se produzan os efectos do silencio administrativo. No caso de optar pola reclamación non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquela sexa resolta expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio administrativo.

TERCEIRO.- Dar traslado do acordo a Comisión de Transparencia

Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

A Secretaria de Goberno Local, Susana Gallardo Fariña

DECRETO: Vista a precedente proposta, **RESOLVO DE CONFORMIDADE COA MESMA.**

Vigo, data segundo sinatura electrónica á marxe

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/11/2023 10:51	Páxina 4 de 5
1369-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A Concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal Dona. Patricia Rodriguez Calviño

(Resolución da Alcaldía de data 19 modificada por Resolución de data 28.06.2023 e 20.06.2023 e 28.06.2023, BOP nº 129 de data 5.07.2023 e 28.06.2023)

Dou fe, a Secretaria de Goberno Local, Susana Gallardo Fariña

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/11/2023 10:51	Páxina 5 de 5
1369-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		